



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso González, Ángel
Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Báez Montero, Inmaculada
Balado Barciela, Adrián
Baltrusch Burghard
Bará Louro, María
Blanco Sierra, Javier
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Cambón Periscal, Ana
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Couto Cancela, Daniel
Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Dafonte Gómez, Alberto
De Andrés Iglesias, Jesús
De Blas Varela, M^a Esther
De Lorenzo Rodríguez, Editá
De Morais, Gadyel Aminadab
De Oca Cancela, Guillermo
Díaz Casaleiro, Tomás
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Domínguez Araújo, Lara
Domínguez Blanco, Santiago
Eguía Oller, Pablo
Estévez Orge, Marcos
Fálagan Mota, Jorge
Fernández Arias, Mónica
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Romero, Daniel
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferreiro Vázquez, Oscar
Franco Matilla, M^a Inmaculada
Gallardo Medina, Mercedes
García González, Silvia
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
Gómez Fariñas, Beatriz
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González González, Alfredo
González Hernández, Margarita
González López, Raquel
González Varela, Luis
Iglesias Blanco, Raúl
Lamas Novoa, Daniel
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Liñares Méndez, Patricia
Llamas Nistal, Martín
López Mira, Álvaro Xosé
López Periago, José Eugenio
López Sánchez, Óscar
Macías Cambra, Henrique
Magaz Ledo, María Luisa
Marcet Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Moldes Pita, Óscar
Mollinedo Lois, Carlos
Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Novas Míguez, Javier
Ovejero Campos, Aida
Padilha Gómez, Iago
Pajares Domínguez, Sergio

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 18 de outubro de dous mil dezaoto, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no paraninfo da Reitoría do Campus de Vigo.

Ás 10:15 h do día **18 de outubro de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión extraordinarias do 13 de decembro de 2017 e 18 de xullo de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Debate sobre cambios no Programa DOCENTIA.
4. Aprobación, se procede, da adaptación do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo ao informe de legalidade emitido pola Xunta de Galicia.
5. Aprobación, se procede, da modificación dos regulamentos de réxime interno dos consellos de campus de Ourense e Pontevedra.
6. Elección de membros da Comisión Electoral: Sector estudantes, 1 vacante.
7. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector estudantes, 4 vacantes.
8. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.
9. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión extraordinarias do 13 de decembro de 2017 e 18 de xullo de 2018.

Apróbanse por asentimento.

2. Informe do reitor.

O Sr. reitor felicita ao presidente do Tribunal de Garantías pola súa elección como presidente da Asociación Iberoamericana de Valedores de Estudantes.

Asemade, informa dunha xuntanza coa conselleira de Educación. No Campus de Vigo negociárase a implantación dun grao dual de 60 créditos, relacionado co tecido empresarial de Vigo, particularmente no eido tecnolóxico. Falouse sobre o edificio Faraday, sobre o cal haberá un convenio, unha vez solucionados os problemas que supoñen os plans sectoriais. Asituación do grao en deseño en Pontevedra tratarase nunha negociación entre as tres universidades.



Parada González-Zaera, José Ignacio
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz López, José
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Pérez Álvarez, María José
Pérez Diz, Ángel Eduardo
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Paz, María Flor
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Pino Rodríguez, Zeltia Augusta
Porteiro Fresco, Jacobo
Quintas Martínez, Alexandre
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rico Fuentes, Juan Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivas Ferreiro, Mauro
Rivera González, Paula
Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rodríguez Real, Alba M^a
Rodríguez Vázquez, Sabela
Rolán González, Katia
Romero Sánchez, Danae
Rubio Arnesto, M^a Belén
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Teixeira Bautista, Marta
Teira González, Eva
Torres Outón, Sara M^a
Torres Romay, Emma
Velasco Graña, M^a Rita
Vera Isasa, María
Vila Alonso, M. de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel
Zas Varela, Mónica
Zelarayán Velasco, Matías Ezequiel
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
Ares Ferreirós, Martina
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Bouza Rodríguez, J. Benito
Bueno Alonso, Jorge Luis
Comesaña Benavides, José A.
Comesaña Piñeiro, Rafael
Costa Montenegro, Enrique
Diéguez Quintas, José Luis
Dominguez Domínguez, Rubén
Fariña Rodríguez, José
Fernández Blanco, Elia
Fernández Reboreda, M^a Teresa
Fernández Riverola, Florentino
Ferro Soto, Carlos
Formoso Vázquez, David
Fraiz Brea, Jose Antonio
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Godoy Malvar, Eduardo
González Álvarez, Dolores
González Barra, Víctor
González Santamaría, Pedro
Iglesias Briones, María Jesús
López Lago, Marcos
López Rubianes, Lucrecia M^a
Morán Martínez, Paloma
Novoa Rodríguez, Xosé Ramón
Peña Gallego, Angeles
Pérez Cota, Manuel
Rodrigues Gomes, Ricardo Miguel
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Sieiro Vázquez, Carmen
Sotelo Dios, Patricia
Vaquero García, Alberto
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel

O Sr. reitor salienta que, na Universidade de Vigo, comezaron as negociacións sectoriais cos representantes do PDI, que son satisfactorias, así como o traballo da Xerencia coa representación sindical do PAS, do que o Sr. reitor fai un breve relatorio, destacando que estase a traballar con acordo e diálogo. O Sr. reitor felicita tanto á xerente como aos representantes sindicais. Informa asemade do éxito da Universidade de Vigo na convocatoria de infraestruturas tecnolóxicas, acadando máis de 5 millóns de euros. Estase a negociar coa Xunta que cubra o 20% restante que o Ministerio non achega. Remata informando en canto á matrícula na UVigo, sinalando que os datos foron bos nos tres campus, cun global do 91% na ocupación, superior ás outras universidades do SUG. Felicita aos equipos decanais polo seu esforzo.

O Sr. Alfredo González, representante do alumnado, entende que deberían compararse os datos de matrícula co resto do Estado, así como facer un histórico. O Sr. reitor expón as dificultades da facer comparativas co resto do Estado e sinala que cando sexa elaborado o informe definitivo procurarase incorporar máis datos.

3. Debate sobre cambios no Programa DOCENTIA.

O Sr. Reitor introduce a intervención do Sr. director da Área de Calidade, D. Joaquín Collazo Rodríguez, sinalando que xa hai conversacións cos reitores das outras universidades, aínda que será a Universidade de Vigo a que deberá liderar o proceso.

O Sr. Joaquín Collazo comeza a súa exposición (achégase como **Anexo I** á presente acta). Conclúe avanzando a creación dunha comisión de estudo do programa.

Finalizada a súa intervención, o Sr. secretario xeral felicita ao director da Área de Calidade polo seu traballo, e resume as liña xerais da actuación do equipo de goberno en materia de calidade, reforzando o seu carácter instrumental e reducindo o peso da burocracia innecesaria.

O Sr. Alfredo González critica o carácter voluntario do programa e feito de que os resultados sexan sempre excesivamente bos, en xeral. Pensa que debería ser obrigatorio, particularmente para o profesorado que teña recibido queixas e os que se saltan as súas propias guías docentes. Fala tamén de certos requisitos que deberían incluír as enquisas do alumnado e da importancia de que o profesorado cumpra axeitadamente os seus horarios. O Sr. reitor sinala que se está a valorar o cambio na xestión das enquisas do alumnado. O Sr. director de área resposta sobre o carácter voluntario do programa, insistindo en que non se pode obrigar ao profesorado a presentarse ao mesmo.

O Sr. reitor sinala que o feito de que Docentia non sexa obrigatorio, non quere dicir que non sexa importante, como sucede cos sexenios. O Sr. secretario xeral sinala que a filosofía básica do programa é substituír paulatinamente á actual xestión da asignación de quinquenios como complemento do profesorado e roga que o debate se centre na solución dos atrancos técnicos do programa Docentia, xa que unha análise da situación xeral da docencia na Universidade de Vigo sería máis propia de outro pleno. Aclara tamén que na composición da comisión pesou, entre outros aspectos, o coñecemento do sistema de calidade por parte dos seus integrantes. O Sr. reitor acepta as críticas sobre a forma de crear a comisión e solicita persoas voluntarias dispostas a integrarse nela.

O Sr. Luis González sinala que parece razoable reformar o programa e introducir un mecanismo de carácter bianual. Concorda en que debería incentivarse a participación e critica o xeito pouco democrático, ao seu parecer, de constitución da comisión.

A Sra. Sara Torres sinala que o PDI-B non pode avaliarse no programa, e solicita que se inclúa a todo o PDI. O Sr. reitor está de acordo. O Sr. director de área indica que está limitado ao profesorado a tempo completo.

O Sr. Ángel Álvarez pregunta sobre a asociación do quinquenio co programa Docentia. O Sr. director de área informa de que na Universidade de Estremadura xa é así e que depende da cada universidade.

O Sr. Burhard Baltrusch opina que o debate podería ser máis amplo e que certamente podería traballarse nun código ético que o puidera complementar ou substituír. O Sr. Reitor recolle a luva de facer un debate máis amplo.

O Sr. Alberto Collazo agradece a iniciativa do equipo de goberno e reclama a documentación empregada polo director de área, que axudaría a concretar o debate. Pregunta sobre as previsións de prazos para a implantación do programa e cre que sería interesante facer unha comparativa entre o programa obrigatorio e a convocatoria voluntaria. Parécelle ben a racionalización dos indicadores. O Sr. director de área sinala que prevé sacar a convocatoria quinquenal no mes que vén e que a súa intención é que a vindeira quinquenal se avalíe a carón do próximo manual. Indica que o programa anual non é obrigatorio, e que o quinquenal si.

O Sr. Alberto Daponte concorda que fose mellor ter información previa e que o programa xa fora no seu día implantado de xeito precipitado e con recursos insuficientes, e sinala algunhas críticas ao seu funcionamento actual, aos requisitos esixidos e aos resultados acadados. Pregunta polo equipo de traballo anterior, que xa afrontara a reforma do programa. O Sr. director de área resposta indicando que a non ser que existan queixas, hai que supoñer que os profesores compren axeitadamente cos seus horarios, o que non significa que todos terán a nota máis alta. O Sr. Alberto Daponte pregunta por que non se poden empregar os informes anuais para elaborar directamente sobre eles os quinquenais e aforrar así traballo. O Sr. director de área aclara o seu punto de vista sobre a cuestión. O Sr. Alberto Daponte critica o carácter voluntario de programa e pregunta pola Comisión de Calidade. O Sr. director de área informa que continua existindo a devandita comisión e que proximamente será convocada.

O Sr. Óscar Moldes subliña que no programa se avalía a docencia e, concretamente, que inclúe un punto específico de avaliación docente. E solicita que se inclúa ao alumnado nesta comisión. O Sr. reitor acepta incluír a representantes do alumando.

O Sr. Alfredo González insiste na importancia de abordar non só aspectos técnicos, se non tamén a orientación xeral de todo o proceso. Dá lectura ao texto que acompaña ao programa de apoio á actividade docente da ANECA na súa páxina web, insistindo en que a filosofía detrás do programa é fundamental, e que o mesmo debe responder á idea de incrementar a calidade na docencia baseándose nunha avaliación efectiva do profesorado. O Sr. secretario xeral reitera que o debate debería centrarse sobre os aspectos máis técnicos do programa Docentia, aínda que todo o mundo sexa libre de opinar o que estime oportuno, e entende que a finalidade esencial do programa é garantir unha vía máis axeitada para a xestión dun complemento do profesorado, xa que existen outros mecanismos máis orientados a vulgar a actividade docente, aínda que o propio Docentia tamén sexa un programa de avaliación. O Sr. Alfredo González queixase da resposta recibida, insistindo de novo sobre a necesidade de abordar todos os aspectos significativos, incluíndo os principios básicos e a finalidade última do programa, xa que entende que a redacción do punto da orde do día así o permite.

O Sr. Luis González fala sobre a necesidade dunha redución da burocracia e do complexo que resulta poñer en valor a labor dos compañeiros que se suxeitan voluntariamente a este tipo de valoracións.

O Sr. Ángel Pérez opina que os docentes non teñen problema en que se os avalíe nun programa deste tipo, e que o que queren é que o proceso sexa áxil. Lembra o programa da Universidade de Sevilla e pensa que algúns puntos do noso poderían ser eliminados. O Sr. director de área aclara cales son requirimentos actuais da ANECA e explica o funcionamento do autoinforme que se esixe no proceso. Fai referencia aos procedementos das universidades cataláns ou da Universidade de Extremadura. Insiste no gasto de recursos que formula o programa actual para a Área de Calidade.

A Sra. Paula Rivas fala da súa participación como avaliadora, sinalando que non foi satisfactoria, xa que os informes institucionais teñen un valor excesivo. Fala da ponderación dos ítems, queixándose de que non é sinxela. Pensa que non se pode avaliar por igual aos asociados que aos profesores a tempo completo. Pensa que habería que mellorar o funcionamento das comisións de avaliación e reducir a súa carga horaria de traballo. En canto á obrigatoriedade, pensa que debería ter consecuencias máis importantes o programa, tanto para a xente que o fai ben como para a xente que non o fai tan ben, con independencia do que fagan nas outras universidades. O Sr. reitor toma nota das observacións.

O Sr. Óscar Moldes insiste en que a relevancia dos informes dos centros é excesiva. Pensa que deben reducirse os ítems.

O Sr. reitor retoma a proposta da formación de membros da comisión: O Sr. director de área e o Sr. secretario xeral, xunto con representantes dos ámbitos Tecnolóxico (David Patiño e Óscar Rubiños) Xurídico-Social (Silvia G^a Mirón e Marta Fdez. Prieto), Humanístico (Susana Reboreda e Susana Rodríguez Barcia) e Científico (Gustavo Rgz. Fuentes e Luis Muñoz). O Sr. reitor invita a participar ao Sr. Luis González e ao Sr. Óscar Moldes, como representantes do alumnado. O Sr. reitor agradece aos membros a súa dispoñibilidade.

4. Aprobación, se procede, da adaptación do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo ao informe de legalidade emitido pola Xunta de Galicia.

Aprobáronse por asentimento ao comezo da reunión (**Anexo II**).

5. Aprobación, se procede, da modificación dos regulamentos de réxime interno dos consellos de campus de Ourense e Pontevedra.

O Sr. secretario xeral dá lectura aos motivos da proposta da modificación dos regulamentos, que é adaptar os mesmos aos Estatutos vixentes.

Así o apartado 6.d) dos regulamentos de réxime interno dos consellos de campus de Ourense e Pontevedra sinala que o Consello de Campus estará integrado por:

d) Cinco profesores, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e Campus, dos que polo menos un non sexa funcionario. Garantirase que haxa polo menos un representante de cada ámbito científico presente no Campus, no caso de que haxa candidatos.

Con todo, o artigo 40.d) dos Estatutos da UVigo non esixe que 4 dos 5 representantes do profesorado teñan que ser funcionarios, senón que pertencen ao sector do profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade.

Polo que de acordo co artigo 40.d) dos Estatutos, propónse que se modifique o apartado d) do artigo 6 dos regulamentos no senso seguinte:

d) 5 representantes do profesorado, elixidos por e entre claustrais do mesmo sector e campus, dos que polo menos 1 non pertenza ao profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade. Garantirase que haxa polo menos 1 representante de cada ámbito científico presente no campus, no caso de que haxa candidatos.

Por outra banda, o artigo 10, apartado 2 de ambos regulamentos din:

2. Para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de todos os seus membros mediante unha notificación entregada no lugar onde cada quen desenvolva o seu traballo, e, no caso de alumnado, nos locais asignados para os seus representantes nos distintos

centros e durante os períodos que non haxa docencia nos seus domicilios particulares por correo postal certificado.

Tendo en conta que na actualidade a maioría das convocatorias se poñen en coñecemento dos membros do órgano por medios electrónicos, propónse a modificación do mencionado artigo 10 no senso seguinte:

2. A convocatoria será enviada por vía electrónica á dirección electrónica que posúa cada membro ou, no seu caso, á que lle proporcione a Universidade.

Apróbanse as modificacións por asentimento.

6. Elección de membros da Comisión Electoral: Sector estudantes, 1 vacante.

O Sr. reitor sinala que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a votación.

7. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector estudantes, 4 vacantes.

O Sr. reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

- José Manuel Rodríguez Rodríguez
- Sabela Rodríguez Vázquez

Dado que se presentaron menos candidaturas que postos a cubrir, non é preciso celebrar eleccións.

8. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.

O Sr. reitor sinala que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a votación.

9. Rogos e preguntas.

O Sr. Alfredo González fala do problema de recarga das tarxetas no Campus de Vigo e roga que a Universidade impulse unha aceleración dos trámites. Pregunta ao Sr. reitor polo servizo de Vitrasa. O Sr. reitor toma nota do tema da recarga e indica que sobre o servizo de Vitrasa falouse xa co alcalde de Vigo, que ten o compromiso de sacar un novo prego de condicións para o concurso do ano 2019. Estase a traballar en novas rutas e non ten problema en reunirse coa empresa concesionaria.

A Sra. Paula Rivas comenta a incerteza que supón a cesión ao Banco de Santander de datos dos estudantes universitarios no marco da colaboración desta entidade coa CRUE. Pregunta tamén sobre o transporte ata o Campus de Vigo dende outras zonas de Pontevedra, particularmente o sur. O Sr. reitor resposta que, sobre a cesión de datos, estudiará o asunto pero pensa que o tratamento dos datos está xustificando e protexido na Universidade. O transporte dende fora de Vigo é unha cuestión xudicializada na actualidade e depende da área metropolitana, pero vaise encargar un estudo financiado pola Zona Franca sobre o tema. Tamén se propuxo ao alcalde de Pontevedra unha parada neste campus para chegar directamente e aclara que estase a traballar no transporte intercampus.

O Sr. Óscar Moldes fala dunha plataforma para compartir coche que pode ser útil. O Sr. reitor acorda darlle publicidade.

A Sra. Sabela Rodríguez quería preguntar polo incumprimento de prazos das bolsas de comedor no Campus de Ourense. O Sr. reitor sinala que non ten constancia deste problema, pero que se informará.

O Sr. Ángel Álvarez Moreiras (achega a súa intervención, **Anexo III**) agradece que por fin se responda a unha das súas preguntas habituais, sobre o dereito do alumnado á asistencia a clase. Pregunta sobre a posibilidade de retirarse do programa Docencia e que consecuencias tería non presentarse para o profesorado, comparando co caso do alumnado que non se presenta a unha determinada convocatoria de exame. O Sr. reitor entende que retirarse probablemente terá os mesmos efectos que non superar o programa e o relaciona coas guías docentes. O Sr. Álvarez Moreiras insiste sobre a necesidade de aprobar un regulamento de avaliación e un regulamento disciplinario. O Sr. reitor sinala que será ao longo do 2019. Finalmente, o Sr. Álvarez Moreiras pregunta onde se sinala na normativa a obrigatoriedade da avaliación continua no grao e as súas consecuencias de ser ou non ser obrigatoria. O Sr. reitor e o Sr. secretario xeral apuntan que, no marco da renovación da normativa que impoñe a definitiva aprobación dos novos Estatutos, abordárase este asunto.

O Sr. Pedro Carro pregunta pola programación cultural deste curso e quéixase da escasa oferta de cursos no Campus de Vigo fronte aos do Campus de Ourense e incluso Pontevedra, particularmente no eido tecnolóxico; e interésase sobre a eventual publicación de todos os traballos aportados a concursos de creación, antes de que se fallen os premios. O Sr. reitor indica que non necesariamente a presentación implica a publicación, que moitas veces queda reservada aos gañadores, pero que o analizará. Estudará os cursos previstos nos campus, aínda que no futuro haberá que analizar o orzamento dispoñible.

O Sr. Ángel Pérez Cid prega que se solucionen os cortes de luz nos centros, particularmente no mes de agosto e, sobre todo, na Facultade de Ciencias.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h do día 18 de outubro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Manuel J. Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez